

NOTA DE PRENSA



ASUNTO: Preocupación polo GES (Grupo de Emerxencias supramunicipal) para Caldas de Reis.

O pasado 18 de decembro trasladamos petición a Alcaldía de que se solicitase a sede do GES comarcal para o noso Concello, nesa petición se requiría o equipo de goberno:

1. Que se traslade urxentemente a Xunta de Galicia, a Deputación de Pontevedra, a Fegamp a e a Comisión de Coordinación dos GES escrito no que se indique que o Concello de Caldas de Reis está interesado en que se instale no noso Concello o servizo o que ven de renunciar Valga.
2. Que se convoque una Xunta de Voceiros do Concello para analizar esta situación e tratar de alcanzar a maior consenso posible sobre a instalación do GES comarcal en Caldas de Reis.

Tamén indicábamnos que nos atopabamos a enteira disposición do equipo de goberno para axudar a conseguir que esta petición se transforme nun feito con garantías e seguridade xurídica para Caldas de Reis, posto que consideramos que se trata de un servizo fundamental.

Pois ben a día de hoxe o equipo de goberno nin dou explicacións das xestións realizadas nin convocou a Xunta de Voceiros do Concello que solicitábamnos.

O pasado 23/12/2019 a Comisión de Seguimento do Convenio de colaboración subscrito entre Xunta de Galicia, Fegamp e Deputación de Pontevedra adoptou por unanimidade aprobar a designación do Concello de Caldas de Reis como sede do GES para dar cobertura a Valga, Pontecesures, Catoira, Caldas de Reis e Portas, cun custo de 272.241,30 euros onde o Concello ten que por 21.000,00 euros. Ese acordo trasladouse o Concello de Caldas de Reis.

Nesa Comisión o representante da Fegamp dixo en nome do noso Concello que Caldas de Reis estaría disposto a ser sede do GES no momento que se lle comunicara sempre que puideran seleccionar o seu propio persoal. Tamén se indicaba que Caldas de Reis tiña un risco moi alto derivado da existencia dunha empresa SEVESO de nivel superior, así como o risco fronte a temporais e inundacións.

O equipo de goberno nin convocou a Xunta de Voceiros nin explicou as xestións realizadas para rematar con esta tramitación, nin moito menos das tres opcións de ubicación que tiña a Alcaldía e que indicou os medios, así como que a partires do día 7/1/2020 se poría a traballar unha vez que estivera a Secretaria do Concello no seu posto, chegando a indicar o Alcalde que a proposta de que viñera para Caldas fora proposta da Fegamp seguindo as instrucións do equipo de goberno.

E estes días estamos a enterarnos polos medios que o alcalde socialista de O Grove, ante inactividade do Alcalde de Caldas, solicitaba o GES para o seu Concello, e a Presidenta da Deputación de



www.ppcaldas.es



<https://www.facebook.com/ppcaldasdereis/>



<https://twitter.com/PPCaldasdereis>



<https://www.instagram.com/popularescaldasdereis>



+34 621 224 620

Pontevedra acusaba a Xunta de Galicia de arbitrariedade o elixir a sede, cando resulta que na Comisión a Deputación de Pontevedra votou a favor de que viñera para Caldas de Reis.

Así pois queremos trasladar a nosa seria e profunda preocupación por:

1. Pola actitude do Alcalde, primeiro dicindo nos medios que fora a súa proposta (cosa que non é certa), que tiña tres ubicacións, que empezaría xa a funcionar o GES en Caldas de Reis, e agora pasado a ter unha posición case oposta a inicial segundo puidemos escoitar nunha emisora de radio. Todo elo sen explicar a todas as forzas con representación municipal as xestións.
2. A posibilidade de que conta tanto enredar, os caldenses perdamos a oportunidade de dispor deste servizo fundamental supramunicipal, pese a ser aprobado por unanimidade na Comisión a proposta de ubicación en Caldas (con Xunta, Deputación e Fegamp), pese a que se cumpre o único condicionante marcado pola Fegamp na Comisión de que poidamos seleccionar o persoal dende o noso Concello, e que este GES se instale noutro Concello como por exemplo pide o Alcalde de O Grove.

En Caldas de Reis a 1 de febreiro de 2019

O grupo municipal do **PARTIDO POPULAR (Populares de Caldas de Reis)**



www.ppcaldas.es



<https://www.facebook.com/ppcaldasdereis/>



<https://twitter.com/PPCaldasdereis>



<https://www.instagram.com/popularescaldasdereis>



+34 621 224 620